

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 25

SESION EXTRAORDINARIA DO 23 DE DECEMBRO DE 2010

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Abelairas Rodríguez, Isaura
Caballero Alvarez, Abel Ramón
Calviño Rodríguez, Xulio
Díaz Vázquez, Raquel
Lago Rey, María Jesús
López Atrio, Laura
López Font, Carlos
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
López Carreira, Xesús
Méndez Piñeiro, María
Velooso Ríos, Iolanda

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Beiro Diz, Pablo José
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Conde Gil, Jorge
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José Manuel
García Míguez, María Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Larriba Leira, Elvira
López-Chaves Castro, Ignacio
Martíño Gómez, Antonio
Muñoz Posse, Carlota
Romero Rodríguez, Begoña

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e once minutos do día vintetrés de decembro do ano dous mil dez, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, reúnen os membros dos Grupos Políticos municipais coa asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Beiro Diz, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López-Chaves Castro, López Font, Martíño Gómez, Méndez Piñeiro, Muñoz Posse, Rivas González, Rodríguez Díaz, Romero Rodríguez e Velooso Ríos, actuando como Secretaria Xeral do Pleno que asina D^a María Concepción Campos Acuña, constituíuse o Pleno da Excmo. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Están tamén presentes os

membros da Xunta de Goberno Local Sres. Mariño Mendoza do Grupo municipal do PSdeG-PSOE e o Sr. Álvarez Álvarez do Grupo Municipal do BNG, así como o Interventor Xeral don Juan Ramón González Carnero.

A PRESIDENCIA: Bos días, señores e señoras concelleiros. Iniciamos o Pleno do Concello en sesión extraordinaria convocada por orde do día do 20 de decembro cun punto único na orde do día da aprobación definitiva do orzamento municipal do Concello e dos seus organismos autónomos para o exercicio de 2011.

Ábrese sesión pública e iniciamos o Pleno.

ÚNICO.(307) APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO E DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS. PARA O EXERCICIO 2011.

ANTECEDENTES.- O Pleno do Concello, en sesión extraordinaria realizada o 8 de novembro de 2010, aprobou inicialmente o orzamento xeral da entidade local e os dos seus organismos autónomos administrativos dependentes para o ano 2011

Durante o prazo de exposición pública para presentación de reclamacións, sinalado no edito do Concello publicado no BOP núm. 216, de data 10.11.2010, segundo consta en certificación de data 1 de decembro, presentáronse no Rexistro Xeral deste Concello as seguintes alegacións:

- | | | |
|-----|--------------------------------------|----------------|
| 1. | Constantino Domínguez Casales | Doc. 100151523 |
| 2. | Sección Sindical da CIG | Doc. 100151526 |
| 3. | Fernando Vilaboa Pérez | Doc. 100151532 |
| 4. | Rafael Moledo Alonso e outros | Doc. 100151589 |
| 5. | Jesús Rodríguez Durán e outros | Doc. 100151595 |
| 6. | José M ^a Arango Fernández | Doc. 100151596 |
| 7. | Carlos Ordóñez Pérez | Doc. 100151599 |
| 8. | Domingo Vázquez González e outros | Doc. 100151601 |
| 9. | Comité de Persoal | Doc. 100151607 |
| 10. | Comité de Persoal | Doc. 100151662 |
| 11. | Cándido Alonso Comesaña | Doc. 100151663 |
| 12. | José Carlos Montemuiño Santos | Doc. 100151666 |

A Xefa do Servizo de Recursos Humanos, emite os seguintes informes en relación coas emendas presentadas contra o capítulo I do proxecto de orzamento:

Informe de data 13 de decembro de 2010

“Tendo sido publicado no BOP nº 216, do mércores 10 de novembro de 2010, o anuncio de aprobación inicial dos Orzamentos Municipais para o exercicio económico 2011, e unha vez rematado o prazo de 15 días hábiles que para a presentación de alegacións establece o artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, polo presente sinalase que os supostos nos que cabe formalizar reclamación administrativa aos proxectos de orzamentos municipais veñen legalmente taxados e consignados no artigo 170.2 da referida norma, concretándose nos seguintes:

- a) Por non terse axustado a elaboración e aprobación do orzamento aos trámites establecidos na propia Lei de Facendas Locais.
- b) Por omisión do crédito necesario para o cumprimento das obrigas esixibles á entidade local en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.
- c) Por seren de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzamentarios ou ben destes verbo das necesidades para as que estea previsto.

Asemade, debe facerse constar que en canto á lexitimación para a presentación de alegacións, terán a consideración de interesados unicamente os habitantes no territorio da respectiva entidade local; os que resulten directamente afectados, a pesar de non habitar no territorio da dita entidade local e os colexios oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar polos intereses profesionais ou económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lles son propios (parágrafo 1 do artigo 170).

Segundo certificación expedida polo Secretario do Goberno Local en data 01/12/2010 -copia da cal figura incorporada ao presente expediente administrativo- existen 12 alegacións presentadas aos orzamentos municipais inicialmente aprobados, dispoñendo no Servizo de Recursos Humanos dos seguintes documentos:

- CONSTANTINO DOMÍNGUEZ CASALES (DOC. Nº 100151523).
- FERNANDO VILABOA PÉREZ (DOC. Nº 100151532).
- RAFAEL MOLEDO ALONSO (DOC. Nº 100151589).
- JESÚS RODRÍGUEZ DURÁN (DOC. Nº 100151595).
- XOSÉ MARÍA ARANGO FERNÁNDEZ (DOC. Nº 100151596).
- CARLOS ORDÓÑEZ PÉREZ (DOC. Nº 100151599).
- DOMINGO VÁZQUEZ GONZÁLEZ (DOC. Nº 100151601).
- DÁMASO PENA GONZÁLEZ (DOC. Nº 100151607).
- JOSÉ CARLOS MONTEMUIÑO SANTOS (DOC. Nº 100151666).

Como xa vén sendo unha tradición case consolidada no Concello de Vigo, a maioría das alegacións presentadas durante o trámite de exposición pública responden a solicitudes de incrementos salariais -tanto individualizados como concretados en relación a colectivos determinados- por parte dos propios empregados/as públicos municipais, así como a cuestións referidas á organización municipal e estrutura dos servizos ou unidades administrativas, con respecto ás cales se lembra -como reiteradamente se fai pola subscribinte tanto nos informes ao Capítulo I do proxecto de orzamentos municipais e aos informes de aprobación da Relación de Postos de Traballo- que, consonte á lexislación actualmente vixente en materia de réxime local, constituída principalmente pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, nos municipios sometidos ao réxime xurídico de grande poboación o Pleno do Concello unicamente ostenta competencias en materia de persoal en canto a:

- Aprobación e modificación dos regulamentos municipais (artigo 123.1.d), entre os cales incluíríanse os instrumentos reguladores das condicións sociais, económicas e laborais do persoal funcionario e do persoal laboral ao servizo do Concello, respectivamente.
- Aprobación da plantilla de persoal vinculada á dos orzamentos municipais (artigo 123.1.h)

En consecuencia, a totalidade das pretensións de natureza retributiva ou económica constitúen obxecto principal do instrumento regulamentario denominado Relación de Postos de Traballo ou RPT, cuxa aprobación compete á Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e non ao Pleno do Concello, como si sucede nos municipios suxeitos ao réxime común e sucedía neste Concello con anterioridade á entrada en vigor do réxime de municipios de grande poboación anteriormente referenciado.

Igualmente, por relación ás alegacións presentadas -e que valga para todas elas o seguidamente dito- cómpre sinalar que os orzamentos municipais non deben constituír mecanismo articulador de adecuacións retributivas individualizadas, senón que estas -de estimarse oportunas e procedentes polos correspondentes órganos xestores- deberían ser realizadas sempre para colectivos determinados e xustificalas no marco dun tratamento integral para cada posto de traballo en función de diversos factores (especial responsabilidade, preparación técnica, académica ou profesional requirida para o desempeño do mesmo, riscos asociados ao posto) e mediante a realización das oportunas adecuacións retributivas debidamente xustificadas, previa a determinación dunha guía de funcións propias dos postos de traballo que carezan dela, pero sempre sen prescindir da realización dunha medición, efectuada de maneira obxectiva e que non responda a intereses subxectivos, que non casan cos contidos dos postos de traballo, senón coa boa actitude ou disposición do traballador/a, que non se discute, pero para retribuír a cal se lembra que está legalmente contemplado o

complemento de produtividade, que se poderá aboar cando o empregado/a público mostre especial rendemento, adicación ou interese no desenvolvemento das súas funcións, e non a través de incrementos de retribucións complementarias fixas e periódicas, que responden ás características dos postos de traballo e non das persoas a eles adscritas.

Lémbrese que por razóns do servizo todos os empregados/as públicos poden ser obxecto de traslado ou de cambio de adscrición a outros servizos ou unidades administrativas (artigo 81.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público) ou incluso obxecto de plans de emprego ou de reasignacións ou redistribucións de efectivos, coa finalidade de mellorar a eficacia e eficiencia na prestación do servizo público.

A determinación e aprobación das retribucións dos empregados/as públicos consonte á legalidade vixente, a fixación de complementos específicos e complementos de destino (conceptos retributivos vixentes segundo o disposto na Disposición Final Cuarta da Lei 7/2007, do EBEP xa citado) xunto coa aprobación da relación de postos de traballo, así como a xestión do persoal municipal e a aprobación do gasto en materias da súa competencia, corresponden igualmente á Xunta de Goberno Local, razón pola que as reclamacións dirixidas contra as ditas materias deberán promoverse, de ser o caso, contra o eventual acordo que o dito órgano municipal adopte no seu día -en exercicio da potestade de auto-organización da que gozan as Entidades Locais- unha vez aprobados os orzamentos correspondentes, mediante os recursos administrativos ou xurisdicionais que as leis outorgan ao respecto.

En consecuencia, procede:

1) A desestimación das alegacións presentadas en materia de gastos de persoal ao proxecto de orzamentos municipais para o exercicio económico 2011, non constando instrucións expresas por parte dos órganos xestores en materia de recursos humanos ao respecto, e contidas nos documentos seguintes:

- CONSTANTINO DOMÍNGUEZ CASALES (DOC. Nº 100151523).
- FERNANDO VILABOA PÉREZ (DOC. Nº 100151532).
- RAFAEL MOLEDO ALONSO (DOC. Nº 100151589).
- JESÚS RODRÍGUEZ DURÁN (DOC. Nº 100151595).
- XOSÉ MARÍA ARANGO FERNÁNDEZ (DOC. Nº 100151596).
- CARLOS ORDÓÑEZ PÉREZ (DOC. Nº 100151599).
- DOMINGO VÁZQUEZ GONZÁLEZ (DOC. Nº 100151601).
- JOSÉ CARLOS MONTEMUIÑO SANTOS (DOC. Nº 100151666).

2) Con respecto á alegación presentada por DÁMASO PENA GONZÁLEZ (DOC. Nº 100151607), faise constar que a priori non se atopa dentro dos supostos contidos no artigo 170.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, pola cal debería ser desestimada.

Sen prexuízo do antedito, o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ditou instrución do servizo en data 10/12/2010, manifestando a vontade de

aceptar os motivos invocados, a excepción dos contidos nos apartados sexto, noveno e décimo.

Na citada instrución ordénase que se proceda á cuantificación do custe que implican as modificacións do cadro de persoal orzamentario contidas nos apartados primeiro, segundo, terceiro, sétimo e oitavo, así como o financiamento dos mesmos e o axuste das partidas ou aplicacións orzamentarias afectadas. Igualmente e polo que respecta aos apartados cuarto e quinto, indica que para o afrontamento das mesmas deberá procederse á creación dunha partida orzamentaria específica, denominada “fondo de adecuación retributiva de postos de traballo”, con cargo á cal poidan efectuarse as oportunas modificacións de crédito para a adecuación das retribucións complementarias, de estímalo oportuno a Xunta de Goberno Local no seu ámbito competencial.

En relación á citada instrución, e sempre dende o pleno respecto ás políticas públicas que en materia de recursos humanos e xestión económica dos efectivos públicos municipais podan ser implementadas polos Gobernos Municipais, debe salientarse que as mesmas non necesariamente responden con arranxo a criterios de eficiencia e racionalidade ás necesidades manifestadas polas unidades ou servizos dentro da racionalidade e coherencia que esixe unha plantilla como a do Concello de Vigo, engadíndose que implicarán, en certos supostos, a convocatoria e conseguinte desenvolvemento dos correspondentes procesos selectivos de promoción profesional (apartados primeiro, terceiro, sétimo e oitavo), mentres que no suposto segundo se resposta a unha petición da Concellería-delegada da Área de Patrimonio Histórico en relación aos efectivos públicos municipais adscritos ao mesmo, encadrada dentro da potestade de auto-organización legalmente recoñecida ás entidades locais ex artigo 4.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

En canto á creación da partida orzamentaria específica denominada “fondo de adecuación retributiva de postos de traballo”, efectúase unha remisión ao réxime de atribucións dos órganos municipais en canto á xestión do persoal contida en anteriores parágrafos, debendo responder sempre aos requisitos que a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2001 establece en relación ao incremento das retribucións dos efectivos ao servizo do sector público, así como aos requisitos de excepcionalidade, singularidade e motivación dos axustes retributivos dos postos de traballo.

Aos efectos do cálculo económico, determinación de contías a incrementar ou minorar e identificación das mesmas, incorpórase ao expediente copia do informe técnico emitido polo técnico de Planificación e Organización en data 10/12/2010.

As peticións contidas na citada alegación teñen sido negociadas coa representación sindical dos empregados/as públicos municipais en sesión de data 13/12/2010, tal e como consta na correspondente acta.

En consecuencia, cabe estimar a alegación formulada, debendo procederse a efectuar as indicadas modificacións no cadro de persoal orzamentario:

- Transformación de 1 praza de oficial de oficios, subgrupo C2 de titulación, escala de administración especial, configurada en réxime laboral, en 1 praza de inspector de obras, servizos e infraestruturas, encadrada no subgrupo C1, con custes imputables ás partidas indicadas no informe técnico de data 10/12/2010.
- Transformación de 1 praza de arqueólogo, subgrupo A1, escala de administración especial, en 1 praza de técnico superior de actividades culturais e educativas, escala de administración especial, subgrupo A1.
- Transformación de 1 praza de oficial de oficios, subgrupo C2 de titulación, escala de administración especial, configurada en réxime laboral, en 1 praza de capataz, encadrada no subgrupo C1, con custes imputables ás partidas indicadas no informe técnico de data 10/12/2010.
- Transformación de 1 praza de operador de informática, subgrupo C2 de titulación, escala de administración especial, en 1 praza de operador técnico de mantemento informático, encadrada no subgrupo C1, escala de administración especial, con custes imputables ás partidas indicadas no informe técnico de data 10/12/2010.”

Ampliación de informe con data 14 de decembro:

“En relación co asunto de referencia, e tendo sido detectado no informe emitido en data 13/12/2010 pola funcionaria asinante, consistente na omisión de modificación do cadro de persoal orzamentario ordenada polo Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal en instrución do servizo de data 10/12/2010, así como dos acordos adoptados pola mesa Xeral de Negociación en sesión realizada en data 13/12/2010, pola presente infórmase que:

No último parágrafo, onde se consignan as modificacións ao cadro de persoal orzamentario, debe contemplarse adicionalmente a transformación dunha praza de operario-peón, configurada en réxime laboral, escala de administración especial, encadrada no subgrupo Transitorio E de titulación, en unha praza de inspector auxiliar de obras, servizos e infraestruturas, escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase cometidos especiais, encadrada no subgrupo C2 de titulación, e cuxos custes financiaranse con cargo ás partidas e aplicación orzamentarias contidas no informe técnico de data 10/12/2010.”

Ampliación de informe de data 15 de decembro:

Vista a devolución polo Servizo de Contabilidade do expediente administrativo nº 20.313/220 efectuada mediante oficio de data 15/12/2010; considerando as aclaracións verbalmente solicitadas ao mesmo polo Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e aos efectos de dar cumprimento ao requirido, pola presente procédese á emisión da seguinte ampliación de informe:

En relación coa alegación formulada por D. Cándido Alonso Comesaña en documento administrativo nº 100151663, pola presente infórmase que a mesma debe ser desestimada, toda vez que tanto no informe ao capítulo I do proxecto de orzamentos municipais para o exercicio económico 2011 emitido por esta

xefatura do Servizo en data 18/10/2010 (parágrafo final) como no informe técnico emitido a solicitude desa Xefatura polos técnicos de Planificación e Organización e de Avaliación e Formación do Servizo de Recursos Humanos, datado o 11/10/2010 (aclaratorio das condicións de aplicabilidade dos cálculos efectuados para a confección do Capítulo I citado) segundo as instrucións da Alcaldía e Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal ditadas ao efecto, as contías consignadas abranguen debidamente as previsións de gastos xerados polo cadro de persoal orzamentario para o vindeiro exercicio 2011, sempre que se respecten os termos e condicións establecidos nos citados informes.

Igualmente e en relación á alegación presentada por DÁMASO PENA GONZÁLEZ (DOC. Nº 100151607) precísase que as modificacións do cadro de persoal orzamentario que na mesma se presentan entran dentro da potestade de auto-organización da cal gozan as entidades locais para a correcta consecución das súas finalidades, contemplada no artigo 4.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

A propia Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, recolle no seu artigo 72 que:

“No marco das súas competencias de auto-organización, as Administracións Públicas estruturan os seus recursos humanos de acordo coas normas que regulan a selección, a promoción profesional, a mobilidade e a distribución de funcións consonte ao previsto neste Capítulo II”.

Non debe obviarse que o Goberno Municipal, como parte lexitimada para a negociación colectiva, concluíu favorablemente un acordo coa representación sindical dos empregados/as públicos municipais que proporciona a debida cobertura ás modificacións do cadro de persoal orzamentario propostas, así como á dotación dos créditos orzamentarios necesarios para a determinación das retribucións complementarias por parte da Xunta de Goberno Local; acordos lexitimados en acta da Mesa Xeral de Negociación celebrada en sesión de data 13/12/2010 e que se axustan plenamente ao establecido nos artigos 37.1, apartados a) e c).

En consecuencia, pode concluírse que, dentro do ámbito da planificación dos recursos humanos ao servizo do Concello de Vigo e implementación das políticas públicas deseñadas na materia, dita alegación poda ser estimada, como a funcionaria subscribinte sinalou en informe de data 13/12/2010 (folio nº 4, parágrafo 5).”

Visto os anteriores informes, con data 14 de decembro **a concelleira delegada de Economía e Facenda** emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, excepto no que se refire á emenda presentada durante o curso da sesión plenaria.

O interventor xeral, con data 16 de decembro, emite o preceptivo informe do

xeito que segue:

“A Xunta de Goberno Local en sesión realizada o día 28 de outubro do ano en curso, prestou a súa aprobación ao proxecto de orzamentos xerais municipais para o exercicio económico do 2011.

De conformidade co artigo 97 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, a Comisión Informativa de Xestión, en sesión realizada o día 29 de outubro do presente ano, estableceu o calendario de tramitación do proxecto de orzamentos de referencia e en sesión de 4 de novembro ditaminouno xuntamente coas emendas validamente presentadas.

O Concello Pleno en sesión realizada o día 8 de novembro de 2010, adoptou acordo de aprobación provisional do proxecto dos orzamentos xerais do Concello de Vigo para o exercicio económico do 2011.

En cumprimento do previsto no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, o proxecto de orzamento xeral foi exposto ao público polo prazo previsto no precepto legal indicado. Durante o devandito prazo foron presentadas un total de 12 reclamacións segundo consta no expediente, once delas no Rexistro Xeral do Concello segundo se acredita por certificado do 1 de decembro do ano en curso emitido polo Titular do Órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, que igualmente figura incorporado a aquel e outra máis ata completar a 12 presentadas no Rexistro Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Remítese agora a esta Intervención Xeral proposta de resolución ao Pleno da Corporación das reclamacións presentadas, que formula a Sra. Concelleira Delegada de Economía e Facenda.

Examinada a devandita proposta, así como a documentación e informes en que se fundamenta, procede a emisión do seguinte informe:

O artigo 170 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, regula o réxime de reclamacións ao proxecto de orzamentos das entidades locais, reclamacións que, nalgúns aspectos, resultan semellantes a un “recurso de reposición” en canto se interpoñen ante o Pleno que deu a súa aprobación ao expediente orzamentario.

O apartado primeiro do precepto legal citado fai referencia á lexitimación activa para a presentación de tales reclamacións, lexitimación que se expón en termos distintos á que resultaría de aplicar a lexitimación procesual pertinente atendendo á Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa unha vez se proceda á aprobación definitiva do orzamento. En efecto, o apartado tamén primeiro do artigo 171 do RD Lexislativo 2/2000, establece que contra a aprobación definitiva do orzamento poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que

establecen as normas de devandita xurisdición.

A regulación da lexitimación activa en vía administrativa para formular reclamacións á aprobación provisional do proxecto de orzamento, prevista no primeiro dos preceptos legais indicados, contempla tres categorías de interesados: os habitantes no territorio da respectiva entidade local, debéndose entender por tales os habitantes de dereito, en segundo lugar os que resulten directamente afectados aínda que non habiten no territorio da entidade local, é dicir, aqueles que puidesen ser titulares dun interese propio particular distinto do de calquera outro cidadán e finalmente e en terceiro lugar faise mención dentro desta lexitimación na vía administrativa para reclamar contra os orzamentos municipais a unha serie de entidades (colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións) que desde a súa condición pública ou privada, poden defender intereses profesionais, económicos e/ou veciñais no ámbito do territorio municipal.

Pois ben, tendo en conta o exposto e á vista das reclamacións expostas relacionadas no expediente, podemos deducir que en termos xerais todas elas cumprían este requisito de lexitimación activa, atopándose os reclamantes nalgunha das categorías de interesados antes enunciadas.

Doutra banda, e en segundo lugar, debe terse en conta que o apartado segundo do citado artigo 170 do RD Legislativo 2/2000, do 5 de marzo e o mesmo apartado do artigo 22 do RD 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas locais, enumera os motivos taxados nos que procede a presentación destas reclamacións en vía administrativa.

Un primeiro motivo polo cal unicamente poderán establecerse reclamacións contra o orzamento, vén determinado, a teor dos preceptos indicados anteriormente, por non terse axustado a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos no propio RD Legislativo 2/2004, do 5 de marzo. Con respecto a esta posibilidade debemos indicar que existe unha doutrina xurisprudencial a teor da cal a existencia de vicios formais na elaboración e aprobación do orzamento deben ser o suficientemente graves como para anular o mesmo na súa integridade, xa que de apreciarse un vicio que determinase a súa anulabilidade e non a nulidade radical, habería de aplicarse o “principio de conservación de actos”.

En segundo lugar, a Lei impón ás entidades locais a esixencia de incluír nos orzamentos as oportunas previsións para facer fronte ás obrigacións xa recoñecidas directamente pola propia Lei ou mediante títulos ou actos concretos emitidos ou ditados en aplicación directa daquela. Para que exista esta obrigación, que supón unha excepción á regra xeral do efecto autorizante do orzamento, como consecuencia da preexistencia do recoñecemento obrigacional, é preciso que a obrigación sexa “esixible”, isto é, que se perfeccionou mediante os actos necesarios para a súa efectividade. E é por iso que o indicado artigo 170 do RD Legislativo 2/2000, do 5 de marzo, recolle un segundo suposto polo cal só permite a impugnación dos orzamentos por omisión de créditos para o

cumprimento de obrigacións cando estas son “esixibles á entidade local en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo”.

Finalmente e en terceiro lugar, un último motivo taxado de reclamación contra un orzamento dunha entidade local constitúeo a insuficiencia dos ingresos en relación aos gastos presupostados e destes respecto das necesidades derivadas do exercicio das competencias municipais. Agora ben o repetido artigo 170 do RD Legislativo 2/2000, soamente permite a reclamación cando tales insuficiencias sexan “manifestas”, pois outra cousa suporía limitar arbitrariamente as facultades de decisión económico-financeira que comporta o exercicio da autonomía local. Por outra banda, habería que distinguir entre os gastos de funcionamento dos servizos de carácter obrigatorio que serían os servizos mínimos municipais do artigo 26 da Lei de Bases do Réxime Local e os de carácter potestativo dos que non cabe predicar a súa preceptividade.

Realizadas as consideracións que antecede sobre estes motivos taxados previstos na normativa vixente aos que inexorablemente deben axustarse as reclamacións presentadas, á aprobación inicial dos orzamentos xerais para o exercicio económico do 2011, podemos concluír o seguinte:

En primeiro lugar, apreciamos que na proposta de resolución que se somete a informe, determinadas alegacións desestímense en base a que non son susceptibles de ser encadradas dentro dos tres motivos taxados expostos anteriormente, en tanto que respecto doutra reclamación, aínda non correspondéndose cos motivos de impugnación previstos legalmente, declárase admisible e estímase. Xa faciamos referencia a esta cuestión en informes emitido con datas de 10 de decembro do 2009 e 26 de marzo do 2010, con ocasión da aprobación definitiva dos orzamentos xerais municipais para os exercicios orzamentarios 2009 e 2010, respectivamente e resolución de reclamacións formuladas á aprobación inicial dos mesmos, cando sinalabamos:

“Consideramos que nesta última situación, isto é, que aínda resultando inadmisibile a reclamación conforme ao que vén expondo propóñase a estimación da mesma, suporía a introdución de modificacións sobre o acordado na aprobación inicial, que implicarían a privación da posibilidade de recorrer a quen resultar prexudicado por tales modificacións sobrevidas, o que ao cabo daría lugar a condenalo a indefensión, en contra do principio constitucional do dereito á tutela xudicial efectiva. No ámbito estrito do procedemento administrativo, esta última actuación, implicaría a negación da doutrina administrativa dos actos propios, e en consecuencia a quebra dos principios xerais de boa fe e de confianza lexítima, que o artigo 3 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, impón ás Administracións públicas nas súas actuacións”.

Polo demais e respecto das cuestións contidas nos apartados a) e g) da proposta que se somete a informe, deben ser considerados no contexto do apartado 2 do artigo 105 da Lei 30/1992 de 26 de novembro de Réxime Xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, que habilita ás administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a

instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Finalmente e conforme ao previsto no artigo 169 e 171 do RD Lexislativo 2/2000, cabe sinalar o seguinte:

- O Pleno dispón do prazo dun mes para resolver as reclamacións que se presenten contra o orzamento, contándose este último prazo a partir do día seguinte ao de finalización da exposición ao público e considerándose as reclamacións denegadas, en calquera caso, se non se resolvesen expresamente no acto de aprobación definitiva (artigo 20.1 Real Decreto 500/90, de 20 de abril).
- O quorum necesario é o mesmo que o requirido para a aprobación inicial, isto é, con carácter xeral o de maioría simple.
- O orzamento xeral, definitivamente aprobado, haberá de ser inserido, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, e iso en congruencia cos principios de seguridade xurídica para garantía dos cidadáns e de publicidade das normas que regula o artigo 9.3 da vixente Constitución.
- Así mesmo haberá de remitirse copia do orzamento definitivamente aprobado á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma.
- Copia do orzamento e das súas modificacións deberá acharse a disposición do público a efectos informativos, desde a súa aprobación definitiva ata a finalización do exercicio.
- O orzamento entrará en vigor, no exercicio correspondente, unha vez publicado na forma referida anteriormente. É dicir, se o edito anunciando a aprobación definitiva se publica no BOP antes de comezar o exercicio económico a que se refire o orzamento, isto é, o ano 2010, a entrada en vigor será o 1 de xaneiro seguinte; se a publicación se efectúa xa iniciado este exercicio do 2010, o orzamento entrará en vigor o día da súa publicación.
- Contra a aprobación definitiva do orzamento poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establecen as normas da devandita xurisdición.
- A interposición de recursos non suspenderá por si soa a aplicación do orzamento definitivamente aprobado pola Corporación.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 20 de decembro de 2010, ditamina favorablemente.

Emenda formulada pola concelleira delegada de Economía e Facenda presentada por escrito de data 22 de decembro de 2010:

“En data 8 de novembro pasado, aprobouse inicialmente o orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2011 figurando, entre outras, a aplicación 1550.7230000 “Convenio anualidade obras entorno Alameda” por un importe de 571.918,64 euros, como consecuencia do convenio suscrito no seu día coa Zona

Franca de Vigo. O importe da referida aplicación dá cumprimento á anualidade correspondente a 2011.

Por parte da Zona Franca de Vigo comunícase en escrito de data 22.12.2010, o aprazamento da referida anualidade pola totalidade do seu importe (571.918,64 euros) ata o primeiro trimestre do exercicio 2012.

Así mesmo, no orzamento xeral para o exercicio 2011 figura no referido programa 1550 "Vías e Obras", entre outras, a aplicación 1550.2100000 "Conservación de vías e espazos públicos", cunha consignación inicial de 2.160.077,40 euros, podendo minorarse nunha cantidade de 78.081,36 euros.

Por outra banda, a cidade de Vigo precisa unha conexión aérea entre o aeroporto de Vigo e Londres-Heathrow que facilite as relacións comerciais do tecido socio-económico vigués en todo o mundo, internacionalización imprescindible para a competitividade das nosas empresas no actual momento de crise económica.

En consecuencia, por parte desta concellería delegada de Economía e Facenda solicítase:

- 1.- Deixar sen efecto a aplicación orzamentaria 1550.7230000 "Convenio anualidade obras entorno Alameda", por un importe de 571.918,64 euros.
- 2.- Minorar a aplicación 1550.2100000 "Conservación de vías e espazos públicos" nunha cantidade de 78.081,36 euros, debendo constar, por tanto, cunha consignación inicial de 2.081.996,04 euros.
- 3.- Dar de alta no programa da Alcaldía a aplicación 9120.4790000 "Subvención a Vueling Airlines, SA, por un importe de 650.000 euros."

DEBATE.- SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Hoxe imos aprobar neste Pleno definitivamente o carto orzamento deste Goberno en tres anos, o que é algo histórico. Xamais ningunha Corporación, nin sequera gobernando con maioría absoluta, foi quen de sacar adiante catro orzamentos, feito que amosa a estabilidade e a eficacia deste Goberno que dende que se constituíu tivo un grande obxectivo que foi a creación de emprego a ó mesmo tempo crear cidade.

Obxectivos que se manifestaron e se cumpriron nestes catro orzamentos que naceron todos eles cunha clara vocación de investimento en atención social e educativa e por iso hoxe imos aprobar uns orzamentos austeros e eficaces en momentos de crise para seguir investindo con máis prestacións sociais porque este é un orzamento progresista, de esquerdas e para as persoas, para atender a

toda a cidade e non deixar cidadáns á marxe.

Por iso imos aprobar un orzamento de 227 millóns de euros, o que amosa o compromiso real deste goberno pola cidade, por todos os vigueses e viguesas, ofrecendo máis servizos, máis atención social e educativa e máis investimento.

Un orzamento que recolle a baixada do 0.2% das taxas municipais no ano 2010, a conxelación real das taxas e impostos no ano 2011, así como nos anos 2008 e 2009. Recolle as bonificacións fiscais na asistencia domiciliaria, nas escolas infantís, no centro de día, no IBI, nos vehículos ecolóxicos e tamén nas taxas do lixo. En resume, toda a cidade contempla as bonificacións fiscais e polo tanto asume unha menor presión fiscal.

Pero tamén é un orzamento con menor endebedamento. O orzamento do ano 2011 contempla unha carga fiscal, un custe da débeda dun 6,08%, o menor da historia de Vigo. Temos que dicir que para o ano 2011 tamén se vai reducir a débeda neta nun millón e medio de euros, algo que tampouco xurdiu nunca neste Concello.

Basicamente dicimos que é un orzamento austero porque decidimos reducir os gastos do persoal. Á parte da aplicación do real decreto aprobado polo goberno central de redución do gasto público, este goberno decidiu reducir aínda máis os gastos de persoal nun 50% por riba do que di o real decreto, máis dun millón de euros. Cantidade que se destina a fondos de investimento e investimento social.

Pero tamén este goberno decidiu reducir o gasto corrente en máis de dous millóns de euros como consecuencia desta política de austeridade, diñeiro que de novo vai a máis investimentos, a máis política social e máis política educativa. Con isto conseguimos que nestes orzamentos o correspondente a educación se incremente nun 16%, cando estamos a ver que en todas as administracións o orzamento en educación diminúe.

Así aparece no orzamento o noso compromiso de poñer en funcionamento tres novas garderías: as de Tomás Alonso, Casiano Martínez e Mestres Goldar e iniciamos a construción de catro novas garderías máis: a de Lavadores, A Seara, Navia e A Dobrada. Pero tamén abriremos a UNED, daremos máis bolsas de inglés para que mil nenos poidan facer intercambio en inglés e por suposto tamén apostamos pola seguridade, polas nosas rúas, polo benestar social, pola cultura, polo casco histórico, polo deporte ou polo turismo.

Apostamos sobre todo polos cidadáns e por iso o orzamento de Participación Cidadá tamén se incrementa porque queremos que todas as asociacións de veciños teñan o peso que realmente merecen nesta cidade.

Mantéñense todos os programas de benestar social e mesmo algúns se incrementan como son as bolsas de comedor para os nenos que máis o necesitan. Aumenta o mantemento nas nosas rúas. Mantéñense os programas de emprego por parte do Concello cando a Xunta está a diminuír os programas de emprego que destina a esta cidade. E sobre todo aumentan as transferencias correntes, é dicir, as bolsas e as subvencións.

Son catro millóns de euros máis dos que tiñamos hai catro anos para destinar a axudas en libros, comedores, inglés, asociacións, en definitiva axudas ás familias e ás asociacións.

Os investimentos, que son o principal elemento xerador de emprego, sitúanse en 18 millóns de euros para todos os cidadáns. En humanizacións o 50%, oito millóns e medio; humanizacións repartidas por toda a cidade, non só no centro. Dende a rúa Panamá e Nicaragua pasando por Castelao, Independencia, Brasil, Aragón, Pintor Colmeiro e así podía citar ata máis de vinte actuacións en diferentes rúas. Pero tamén actuacións nos nosos parques, nas zonas verdes por un millóns de euros; no casco vello, a pinacoteca, o museo da radio.

En definitiva 18 millóns de euros para todas as parroquias da cidade, para xerar emprego e para eliminar desigualdades. 227 millóns de euros nun orzamento que conxela os impostos, que amplía as bonificacións fiscais aos nenos, maiores e dependentes, incrementa as axudas ás subvencións ás familias, aos colectivos, ao comedor, ao inglés.

En total catro orzamentos que suman un total de mil millóns de euros en catro anos en servizos, en prestacións sociais, culturais, deportivas. Mil millóns de euros para todos os vigueses e viguesas e polo tanto para toda a cidade.

Á vista dos acontecementos dos últimos días, hoxe presentamos unha emenda a estes orzamentos. Ante a negativa da Xunta e da Deputación de financiar e achegar fondos para atender a demanda viguesa de voos internacionais, preferentemente con destino Londres nun aeroporto internacional, este goberno propón unha modificación orzamentaria e dotar unha partida de 650.000 euros para que a cidade de Vigo poida contar co voo Vigo-Londres.

A Xunta, que é quen ten os fondos e a obriga de atender a todos os aeroportos da comunidade autónoma, decidiu novamente abandonar a Vigo e apostar por outras cidades. O goberno desta cidade reproba esta actitude por parte da Xunta e máis da Deputación e por iso propón esta modificación orzamentaria con 650.000 euros para que de novo o voo Vigo-Londres, que a Xunta abandonou, sexa unha realidade porque este goberno ponse ao lado desta cidade e de todos os vigueses.

Esta cidade reclama un aeroporto internacional, reclama un voo Vigo-Londres, un voo que ademais nos converterá no centro para logo repartir eses voos ao resto do Mundo. Con este voo Vigo converterase nun aeroporto JA, un aeroporto que nos converterá no centro do mundo e por iso este goberno apoia ao aeroporto de Vigo e o voo Vigo-Londres, un voo que se consolidará en dous anos e xa non necesitará financiamento. Un voo que a Xunta abandonou.

Por iso este goberno apoia a este voo, inclúe nos seus orzamentos unha dotación de 650.000 euros para el porque xa sabemos que a Xunta e a Deputación nin están nin se lles espera.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Efectivamente e como ben dicía a concelleira de Facenda, chegamos á aprobación do cuarto orzamento neste mandato. Coido que hoxe iso xa é de por si a gran noticia: que por primeira vez na historia da democracia viguesa un goberno e un goberno de coalición foi quen de aprobar catro orzamentos en tempo e hora.

Isto é moi importante porque demostra a todas luces a estabilidade, o traballo e a coherencia que este goberno ten desenvolvido neste mandato. É unha gran noticia porque loxicamente estes catro orzamentos contrastan coa ineficacia que teñen demostrado outros gobernos, mesmo con maioría absoluta coma os gobernos do Partido Popular, que non foron quen de poder presentar os orzamentos en tempo e hora cando gobernaban.

O noso obxectivo foi única e exclusivamente facer que neste mandato a cidade sexa un lugar no que cada día se viva mellor, que sexa unha cidade que avance, que se modernice e que ademais afronte do mellor xeito posible o efecto da crise económica.

Logo destes catro orzamentos, os resultados que hoxe podemos presentarlle á

ciudadanía están aí, pódense visualizar a pesar de seguir sós e abandonados neste mandato. Sós dende o goberno central que segue discriminando á nosa cidade e adiando infraestruturas e investimentos básicos; abandonados por un goberno do Partido Popular que en dous orzamentos que leva aprobados sen lugar a dúbidas ten manifestado a súa máis grande discriminación e desprezo aos intereses desta cidade.

O Bloque Nacionalista Galego contribuíu á elaboración destes orzamentos dende a responsabilidade porque pensamos que en tempo de crise é máis necesario ca nunca que un orzamento teña a prioridade absoluta de afrontar a crise económica, de atender as demandas máis urxentes dos cidadáns. Así o fixemos incrementando partidas en Benestar Social, bolsas de comedores, servizo de axuda no fogar, as iniciativas de axudas de emerxencia, incrementando e mesmo iniciando axudas directas a sectores básicos da nosa economía coma o pequeno e mediano comercio. Aí están eses 1.800 comercios que estes días están a pasar pola nosa lonxa do Concello para recibir as súas axudas.

Na elaboración destes orzamentos e na discusión no primeiro Pleno de aprobación coido que xa fomos quen de debullar datos e porcentaxes en cantidade. Á cidadanía pouco lle importan estas porcentaxes, pouco se fixa e cae en reflexionar sobre os números. O que queren é que uns orzamentos dean resposta ao que eles piden: máis traballo, máis investimento na nosa cidade para que se poida revitalizar a economía, queren que as súas necesidades básicas estean atendidas, queren que os seus fillos e fillas poidan facer deporte, poidan acceder á cultura. En definitiva queren vivir mellor e ter mellor calidade de vida e iso é o que nos importa e o que mira a cidadanía en definitiva nuns orzamentos, a súa concreción, a súa posta en marcha e loxicamente os resultados destes orzamentos.

Dicía a concelleira de Facenda e tamén o dixen eu no Pleno de aprobación inicial que estes son uns orzamentos de esquerda. O Bloque Nacionalista Galego non podería permitir outro tipo de orzamentos nin os aprobaría. Son de esquerda porque están pensados para a maioría social da cidade, porque distribúen a riqueza que xera esta cidade entre os menos favorecidos e en definitiva son uns orzamentos que atenden aos traballadores e traballadoras desta cidade.

No primeiro Pleno de aprobación inicial coido que quedou algo moi claro: que

nesta cidade, fóra desta política que se está a facer dende o BNG e dende este goberno, non hai ningún outro tipo de alternativa. Perdón, si que hai unha alternativa: a que presentou o Partido Popular nesa aprobación inicial e aí si que foron moi claros. O Partido Popular, felicítoos por iso, foi moi claro cando presentaron nesta Corporación a súa alternativa a estes orzamentos e a esta política nacionalista de esquerdas. A súa alternativa era cargarse absolutamente todo.

Cargábanse a normalización lingüística porque o galego non importa; cargábanse a pinacoteca, o centro galego de fotografía porque aquí a cultura non importa; cargábanse traballos e programas de deporte ou igualdade porque iso tampouco importa; cargábanse aos coidadores de barrio, traballadores e traballadoras, porque o paro está claro que tampouco lles importa.

O que quedou claro nese Pleno é que o que realmente lle importa ao Partido Popular é que Vigo se converta nunha oficina de recadación para o Sr. Feijóo. Quedou claro que a súa máxima prioridade non era nin o paro, nin a cultura, nin a lingua, nin o deporte, nin o benestar social. A súa máxima prioridade era aforrarlle ao Sr. Feijóo dous millóns de euros para pagarlle os terreos da Cidade da Xustiza. Non o di o BNG, dio o propio Partido Popular cando coma única alternativa a estes orzamentos presentaba o que acabo de lembrar agora.

Agora na súa intervención, tal como nos teñen acostumados, falarán dos gastos de publicidade, de que este é un goberno descohesionado, que nos levamos mal, que é un goberno roto... Xa adianto o que van dicir porque a falta de outro argumento é o que nos repiten constantemente. Falarán de gastos e máis gastos pero o Partido Popular seguirá xustificando gastos millonarios da presidenta da Autoridade Portuaria en páxinas enteiras do periódico, ou gastos millonarios cando se traen a visita do Papa, etc.

O problema non é nin a Sra. Porra, nin o Sr. Figueroa, nin os compañeiros de Corporación do Partido Popular. O problema é a política de dereitas que na nosa comunidade e nesta cidade quere implantar o Partido Popular, recortando nada máis e nada menos que 476 millóns de euros en políticas sociais e hai que dicir para que o saiban os cidadáns, cando escoitemos neste Pleno mocións para que incrementemos programas, que o Partido Popular acaba de cargarse o programa de inclusión social deste Concello, aqueles nenos e nenos con problemas serios

de risco e de exclusión social non van poder ser atendidos porque o Partido Popular acaba de cargarse ese programa, como tamén o fixo co programa do plan local de drogas e como acaba de diminuír todo aquilo que ten referencia en atender á inmigración. Esa é a verdadeira alternativa.

Dirán tamén que estamos en campaña porque é o que están a dicir a falta de argumentos. Non estamos en campaña pero si que queremos seguir gobernando esta cidade e imos tentar facelo por unha razón fundamental: porque estes orzamentos e a falta de alternativa a eles indican que non podemos permitir, que esta cidade non se pode permitir que volva gobernar a dereita. Que governe a dereita do paro, Galicia é a segunda comunidade con máis parados de todo o Estado no último mes de novembro.

A dereita da privatización da sanidade, do ensino, da cultura. A dereita que impón máis impostos porque os vigueses e viguesas van pagar un novo imposto do canon da auga. Esa dereita non imos permitir que governe nesta cidade porque, aínda que as verdades molestan, hoxe temos que dicir que estamos moi satisfeitos de aprobar estes orzamentos e de comprobar que a única alternativa que hai a eles e á política que o BNG ven defendendo, é a política da dereita que trata de privatizar e de ser única e exclusivamente recadadores desta cidade para o Sr. Feijóo.

Exerzan dunha vez como vigueses e viguesas, presenten verdadeiras alternativas e non exerzan de vigueses e viguesas só cando se presentan a unhas eleccións.

SR. CONDE GIL: Unha cuestión de orde. Gustaríame saber se o Sr. Font vai intervir como grupo ou vai facer como a última vez a trécola de facer explicación de voto. Máis que nada por aclarar un pouco o debate.

A PRESIDENCIA: Continúe a súa intervención.

SR. CONDE GIL: Sei que o que vou dicir non lle vai gustar, Sr. Alcalde, porque xa sabe que eu estou orientado politicamente, vostede dillo aos cidadáns na radio pero eu xa llo anuncio agora.

É sorprendente o que se oíu aquí por parte do goberno. En primeiro lugar a concelleira de Facenda na súa intervención fala de todo menos do orzamento, é

máis, regala case dous minutos do seu tempo porque non ten nada que dicir. É a única conclusión que podemos deducir de todo isto. Ademais adícase a falar das taxas e de outras cousas.

Este presuposto só serve para unha cousa: para seguir dicindo que aproban un por ano, para presumir, e o que necesitan os cidadáns son única e exclusivamente tres cousas para as que non serve o presuposto: traballo, traballo e traballo. É o único que precisa a cidadanía de Vigo e vostedes non están en disposición de darllo.

A única presunción que ten é falar de que é o carto presuposto, que é histórico e por riba poñerlle apelido: progresista. Vaia progreso para os cidadáns de Vigo este presuposto e este goberno municipal, un goberno que o único que fai e custarnos diñeiro.

Eu hoxe fago aquí unha afirmación: todos os investimentos que figuran no capítulo VI con cargo a ese préstamo de once millóns de euros non as van executar vostedes porque saben perfectamente que ata que se liquide a conta xeral do ano 2010, non poden iniciar esta operación de préstamo e iso será xa polo mes de marzo, cando xa estea rematado este mandato. Non o van poder facer, Sra. Díaz, non van poder facer nin a rúa Nicaragua, nin Independencia, nin Brasil, nin Aragón... cansaríame de enumeralas. Saben de sobra que non van poder facelo pero vostede segue insistindo.

O Sr. Caballero resultou ser un perigo para a economía desta cidade. Este é o *pufo* do Sr. Caballero, vainos deixar endebedados, este señor si que vai subir impostos se seguen gobernando esta cidade como xa subiu ata agora e vai facelo porque son 14.800 millóns das antigas pesetas.

A cousa non queda só aquí, a maiores o presuposto nace morto porque van ter que modificalo o 2 de xaneiro porque hai unhas sentenzas que cumprir e vostedes sábeno. O ano pasado cando o Sr. Alcalde quedou coa boca aberta porque non oíra falar das sentenzas de Miraflores, de Nebrija, etc. e tivo que xirar á dereita e á esquerda para preguntar que era aquilo, ese día ocorréuselles a xenialidade de iniciar un procedemento de venda de solo público.

O que pasa é que como son vostedes uns malos xestores, dende a aprobación do presuposto de 2010 esperaron ata finais de novembro para sacar adiante co delegado da Área de Urbanismo a venda destes terreos. Saben perfectamente

que é materialmente imposible levar a cabo isto durante este exercicio de 2010 e van ter que o arranxar a partir de xaneiro.

A maiores de toda a cantidade que dixeran antes, dos case 90 millóns de euros entre préstamos e devolución ás arcas do Estado pola mala cabeza, van ter que pagar 14 millóns de euros nestas sentenzas que nos están a custar 800 euros diarios de intereses aos cidadáns de Vigo. Iso é un tema que preocupa pero a vostedes todo lles da igual, o único que lles preocupa é isto, o anuncio.

Empezaron a campaña moi cedo. Isto é o que lles gusta, as fotografías e os letreiros de Alcaldía que agora ata na praza de Compostela cambiaron os bancos tradicionais por uns bancos de estilo inglés que non sei se o seu amigo de Consuljamel Galega, aquel que lle fixo entre outras cousas o contrato para situar bancos e bebedoiros, indicoulle onde tiñan ou onde non tiñan que ir.

Pero o que realmente preocupa son as 9.000 familias de Vigo que viven da caridade e 3.500 que non teñen nin comida e vostedes baixan o presuposto en benestar social e en emprego. É que non teñen imaxinación. Producen vergoña allea, reflexionen que coa que está a caer, Sra. Díaz, co desemprego que hai nesta cidade, que vostedes veñan falar aquí dun tema coma o dos avións.

Infórmese porque o alcalde é un *derrochón*, un mal xestor. Entre os vinteseite que estamos aquí hai unha persoa á que lle ofreceron este mesmo voo por 320.000 euros e parecíalle caro. Descúbrao. Coa pólvora do rei é moi fácil xogar e botar a culpa, estar sempre na confrontación coma están vostedes.

Iso ao final tradúcese en que van aumentar as multas. Nun medio de comunicación esta semana, ao que vostedes non lle teñen excesivo cariño, dicíase: "O Concello dá comisións do 45% a una empresa por recadar multas". O seu concelleiro suplente de Facenda ten que aumentar estas porcentaxes do 247% máis en multas impostas. Iso si que lles doe aos cidadáns.

Antes xa lles dicía que vostedes son o goberno do paro e iso realmente é o que lles tiña que preocupar pero non, adícanse a atacar á Xunta. E falando da Xunta, son 11,2 millóns de euros os que investiu en emprego e o Sr. Rodríguez pecha o Servizo de asesoramento a emprendedores e o Servizo de orientación laboral, nunha época de crise na que hai que xerar emprego toma esa decisión política. Iso é mala xestión e é un perigo para a cidade.

Sr. Domínguez Olveira, non me quero esquecer de vostedes porque senón parece

que non existen e non é así e están mantendo vostedes a este goberno. Dedícase vostede a falar dunha serie de cousas, que se o Partido Popular é o partido do paro, das privatizacións, dos impostos. Vostedes foron quen subiron os impostos, foi o Sr. Zapatero a quen vostedes apoiaron, foi o Sr. Zapatero quen subiu o desemprego neste país, cinco millóns de parados. Quen vai quitar as prestacións a partir de febreiro e quen vai facer privatizacións é o Sr. Zapatero que apoiaron vostedes e o Sr. Alcalde tamén.

Eses son os das privatizacións, quen privatizan a lotería, AENA, quen nos poñen en conflitos constantemente. Ese é o conflito e en Vigo dende que goberna o Sr. Caballero hai once mil parados máis e ía colgar o cartel do pleno emprego na porta da lonxa do Concello e non só non o colgou senón que hai máis parados, máis comercios pechados, máis crise, máis conflitos, en definitiva hai menos cidade.

O Sr. Domínguez Olveira di que nós non temos alternativa. Non se preocupe que quedan cinco meses para ver a alternativa e chámase Partido Popular. Están nerviosos coas enquisas, saben que non van gobernar e iso é o que lles preocupa porque son dous partidos perdedores e van volver perder e van estar na oposición. Entón será cando verán o que é o proxecto de presuposto do Partido Popular.

A presunción de catro presupostos ao único que lles conduce é a que o Sr. López Font se poña nervioso e lle indique ao Alcalde que xa se me terminou o tempo. Pois aproveitarei o tempo que a concelleira de Facenda adicou a non falar de nada porque non lle preocupan os intereses desta cidade. O único que lle preocupan son dúas cousas e a vostede tamén: dicir que é o cuarto presuposto e poñerlle apelido: progresista. Pois manda progreso.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Xa vexo que ao Partido Popular o que máis lle importa é que fixera unha intervención de oito minutos explicando o presuposto. O que se ve claramente é que están ofendidos porque cando o Partido Popular gobernaba non foi quen de sacar catro presupostos.

Di que non valen para nada. Tiveron unha oportunidade de facer unha emenda e a que presentaron foi do 1,6% do presuposto. A realidade é que só están en contra deste presuposto nun 1,6%, o resto acéptano todo, senón terían

presentado a emenda correspondente porque esa é a forma de facer oposición, presentar un proxecto alternativo. O proxecto alternativo do Partido Popular é de 1,6% e iso para aforrar cartos á Xunta.

Acaba do entender o Sr. Domínguez Olveira. Como o Partido PP da Xunta de Feijóo ía reducir as partidas de benestar social, quería que asumíramos nós esas partidas e por iso propoñen un millón de euros en axudas, porque sabían que a Xunta nos ía retirar as súas axudas. Todo era para evitar diñeiro á Xunta e que o tiveran que pagar os vigueses.

Fala da suba de impostos cando o único que demostrou que subiu os impostos foi o Partido Popular.

De novo volve falar dunha sentenza. En Vigo hai 300.000 vigueses e estamos aquí para os defender e o único que lle preocupa ao Partido Popular é defender a un promotor, que ten toda a razón do mundo, pero unicamente defendeu a un promotor fronte a 300.000 vigueses.

Fala de fotos. Podemos falar de fotos e pódolle amosar a que se sacou a Sra. Porro cando veu de polisón ver o auditorio que nos deixou quebrado. Un auditorio valorado en 160 millóns de euros deixouno cunha partida de 80 millóns. Onde estaban os oitenta restantes? Eu non os vin por ningunha parte, iso si, apareceu un proxecto de 160 millóns, non sei onde foi parar esa diferenza de cartos.

De novo fala de benestar social cando se acaba de demostrar aquí que quen diminúe as partidas de benestar social son vostedes. Diminúen as de benestar social, as de educación...

Empezan falar de todo menos do que realmente teñen que falar e falan da comisión do 45%. Sres. do Partido Popular, esa comisión é exactamente a mesma que tiña a Sra. Porro cunha diferenza: nós puxemos que a maioría das comisións non fosen do 45%, puxemos do 5%. Léase os pregos, Sr. Conde, que vostede non le nin lle len.

E por suposto atacar ao goberno, atacar ao voo de Vigo. Estamos aquí para defender a nosa cidade, vostedes son concelleiros de Vigo, non son representantes da Xunta. O 16 de novembro a Xunta abandonou Vigo no tema dos aeroportos e dixo "Coruña financia, financien vostedes tamén" e logo dixo o mesmo a Deputación. Pois aquí estamos financiando o voo Vigo-Londres e o que nos din é que vostedes non o van apoiar. Nin o Partido Popular de Vigo financia

ese voo tan importante para Vigo e xa sabemos que nin a Xunta nin a Deputación van cumprir coa súa palabra de que se nós o financiamos eles tamén. A ver onde está a Xunta e a Deputación. Xa llo digo eu, nin están nin se lles espera.

Ese voo es fundamental para a cidade. O que eu tiña que facer cada vez que ía a un congreso era Vigo-Madrid, Madrid-Londres e de aí para o resto do mundo. Pois isto é o que lle imos evitar ao resto dos vigueses, facémoslles Vigo-Londres e de aí ao resto do mundo e convertemos a Vigo nunha cidade principal non só de saída de vigueses ao mundo, senón de entrada de todo o mundo á cidade de Vigo. Un elemento clave e fundamental para unha cidade.

A PRESIDENCIA: Garden silencio, por favor. Por certo, os viaxes a congresos aos que se refería a Sra. Concelleira eran cando era profesora universitaria.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Profesora universitaria e pagados co meu diñeiro por suposto, nin sequera da Universidade.

A diferenza é que a partir de agora todos os vigueses van facer Vigo-Londres e de aí ao resto do mundo e o resto do mundo virá directamente a Vigo. Pero a vostedes iso non lles importa.

Por suposto volven falar do paro e como sempre negan as implicacións que ten o Sr. Feijóo no paro desta cidade porque, só por falar de programas de emprego, non nos dá ni a cuarta parte que daba o Sr. Touriño, dános o mesmo diñeiro que lle dá a Porriño e a Mos e incluso menos.

O que pasa é que o Partido Popular está absolutamente ofendido e desesperado porque sabe que quen van perder as eleccións son vostedes.

SR. CONDE GIL: Sr. Alcalde, houbo unha alusión persoal e me gustaría aclarala.

A PRESIDENCIA: Foi parte do debate.

Dado que a proposta de emenda se acepta polo goberno, vótase a proposta co texto da emenda xa incluído.

A presidencia somete a votación a anterior emenda da concelleira delegada de Economía e Facenda xuntamente coa súa proposta de data 14 de decembro

citada anteriormente.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Estimar a alegación presentada por D^a. Raquel Rodríguez Díaz, Secretaria do Comité de persoal, de data 26/11/2010 (documento nº 100151662) solicitando a funcionarización dunha praza que está adscrita á Xerencia de urbanismo. A alegación non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo. Non obstante o anterior, debe corrixirse o cadro de persoal e incluír a praza de “oficial” entre as de “persoal laboral a funcionarizar”, seguindo o acordo da Mesa de Negociación do organismo autónomo e os acordos adoptados respecto do persoal que presta servizo nas dependencias administrativas (o artigo décimo cuarto dos vixentes Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo establece un carácter excepcional á existencia de persoal laboral). Polo tanto tratase de corrixir o erro respecto da cualificación do cadro de persoal do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo e incluír a praza de “oficial” entre as de “persoal laboral a funcionarizar”.

Segundo.- Desestimar as alegacións presentadas en materia de gastos de persoal ao proxecto de orzamentos municipais para o exercicio económico 2011, xa que de acordo o informe da Xefa de Recursos Humanos, non constan instrucións expresas por parte dos órganos xestores en materia de recursos humanos ao respecto, afectando as reclamacións que se relacionan deseguido e presentadas por: D. Constantino Domínguez Casales (nº Rexistro 100151523), D. Fernando Vilaboa Pérez (nº Rexistro 100151532). D. Rafael Moledo Alonso (nº Rexistro 100151589), D. Jesús Rodríguez Durán (nº Rexistro 100151595). D. Xosé María Arango Fernández (nº Rexistro 100151596), D. Carlos Ordoñez Pérez (nº Rexistro 100151599), D. Domingo Vázquez González (nº Rexistro 100151601) e D. José Carlos Montemuiño Santos (nº Rexistro 100151666). As alegacións referenciadas non se atopan encadradas en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, dado que a configuración, denominación e retribucións dos postos de traballo corresponde á Xunta de Goberno Local no marco das súas competencias en canto á xestión do persoal municipal (artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril,

Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local.

Terceiro.- Desestimar a alegación presentada por D. Cesar Comesaña Lago, con DNI 36.015.884T, presentada a través do Rexistro Xeral co nº 100151526, como Secretario da sección sindical da CIG do Concello de Vigo, solicitando a dotación dunha aplicación por unha contía de 120.000 euros para cubrir o *renting* do servizo de bombeiros por non se axustar aos supostos taxados no apartado 2 do artigo 170.1 da LRF. En todo caso, unha vez que se aprobe definitivamente o orzamento e entre en vigor, poderase tramitar a preceptiva modificación orzamentaria para dar cobertura a esa posibilidade se fose o caso cunha dotación axeitada ao gasto que se vaia devengar no exercicio, non sendo posible avaliar a dotación sen ter en conta os prazos para a entrada en vigor do contrato.

Cuarto.- Desestimar a alegación presentada por D. Cándido Alonso Comesaña, con DNI 35.919.492R, presentada a través do Rexistro Xeral co nº 100151663 en data 26/11/2010, polo seu carácter xenérico, sen que se poida albiscar sobre o que versa a reclamación, xa que a formación do orzamento axústase aos trámites regulamentados no TRLRFL e o gasto do capítulo I experimenta unha redución do 4,93 por 100 en relación o orzamento do ano 2010, respondendo a súa formación e estruturación aos principios de racionalidade, economía e eficiencia previstos no artigo 90 da Lei 7/1985, do 2 de abril, non superando os gastos de persoal os límites que se fixan con carácter xeral, téndose aplicado as reducións previstas no RD-lei 8/2010.

Quinto.- Estimar a alegación presentada polo presidente do Comité de Persoal (nº de Rexistro 100151607) do 26/11/2010, nos apartados primeiro, segundo, terceiro, sétimo e oitavo, que supón en cada un dos casos transformación de prazas polo proceso de amortización das que agora figuran na cadro de persoal e creación doutras.

Sendo a relación das transformacións as seguintes: Crear unha praza de inspector de obras, servizos e infraestruturas e amortizar unha de oficial de oficios. Crear unha praza de técnico superior de actividades culturais e educativas e amortizar unha de arqueólogo. Crear unha praza de capataz de oficios e amortizar unha de oficial de oficios. Crear unha praza de operador de informática e amortizar unha de operador técnico mantemento de informática. crear unha praza de inspector auxiliar de obras, servizos e infraestruturas e amortizar unha praza de operario-peón. As transformacións en plantilla non supoñen alteración cuantitativa do capítulo I, pero si variacións cualitativas. Así mesmo como consecuencia da estimación dos apartados cuarto e quinto, tamén vense afectadas outras dotacións. As variacións que son afectadas pola estimación parcial son as seguintes:

Aplicación	Diminución	Incremento
1320.1200600	4.726,52	
1320.1600000	1.364,14	

1510.1200600	4.515,36	
1550.1200400		8.378,58
1550.1200600		500,52
1550.1210004		16.251,62
1550.1300000	20.745,62	
1650.1300000	3.896,48	
1710.1200300		9.884,84
1710.1210003		5.527,06
1710.1210103		11.184,60
1710.1300000	23.520,74	
1710.1600000		1.624,72
3134.1200600	2.502,60	
3134.1600000	803,29	
3330.1210100		4.535,02
9220.1200600	2.074,38	
9220.1210300		11.412,24
9220.1400000		2.046,41
9221.1200600	3.972,98	
9222.1300000	2.504,54	
9221.1600000	1.275,25	
9240.1300000		2.393,62
9240.1600000		1.494,31
9227.1200300		1.506,26
9227.1200600		998,28
9310.1200600	5.836,18	
Total	77.738,08	77.738,08

Sexto.- Desestimar os apartados sexto, noveno e décimo da alegación presentada polo presidente do Comité de Persoal (nº de Rexistro 100151607), xa que non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, dado que a configuración, denominación e retribucións dos postos de traballo corresponde á Xunta de Goberno Local no marco das súas competencias en canto á xestión do persoal municipal (artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local.

Sétimo.- Corrixir os erros numéricos na plantilla aprobada inicialmente, non supoñendo alteración no número total de prazas, pero si nas sumas parciais. Onde constan 24 prazas de técnico/a administración xeral, debe dicir 25 prazas. Onde figura a suma de administrativos/as 100, debe dicir 101. Onde figuran 9 prazas de alguacil, debe dicir 8. Onde constan 81 prazas de bombeiros, deben constar 80 prazas. En relación a unha praza denominada “Inspector de urbanismo, subgrupo C1”, debe constar “Inspector auxiliar de urbanismo, subgrupo C2”. A corrección dos erros referenciados non supón alteración ningunha nos programas orzamentarios.

Oitavo.- Aprobar a emenda presentada pola concelleira de Economía e Facenda por escrito de data 22 de decembro, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

Noveno.- Aprobar definitivamente o orzamento para o ano 2011, tendo en conta a proposta de resolución das alegacións presentadas ao presuposto xeral do Concello de Vigo para o ano 2011, e as aprobadas polo Pleno na sesión do oito de novembro de 2010 en relación coas emendas presentadas en Comisión Informativa, tendo o proxecto remito xa incorporadas as emendas aprobadas, e debendo incorporar a emenda presentada pola concelleira de Economía e Facenda por escrito de data 22 de decembro. O proxecto de orzamento está integrado por:

- Orzamento da entidade local
- Orzamento do OO.AA. Instituto Municipal do Deportes (IMD).
- Orzamento do OO.AA. Escola Municipal de Artes e Oficios (EMAO)
- Orzamento do OO.AA. Xerencia Municipal de Urbanismo
- Orzamento do OO.AA. Parque das Ciencias Vigo-Zoo

Os resumes que se achegan, recollen xa o resultado da totalidade das alegacións cuxa resolución se propón, agás o que atinxe á emenda presentada pola concelleira delegada de Economía e Facenda con data 22 de decembro.

A estrutura na que se agrupa a información toma en consideración os gastos e ingresos correntes por operacións non financeiras, gastos e ingresos de capital por operacións non financeiras e gastos e ingresos por operacións financeiras

Presuposto da entidade local e estados consolidados

Orzamento de gastos			Orzamento ingresos		
Capítulo	Entidade	Consolidado	Capítulo	Entidade	Consolidados
I	59.099.469,74	67.361.167,95	I	93.057.993,00	93.057.993,00
II	100.354.963,44	107.815.855,37	II	8.119.061,00	8.119.061,00
III	1.072.748,41	1.072.778,41	III	35.032.563,26	41.495.342,69
IV	30.710.826,56	19.416.544,20	IV	66.339.263,72	64.541.217,08
V			V	3.441.654,00	3.535.269,63

TOTAL G.Co.Op.NF	191.238.008,15	195.666.345,93	TOTAL I.Co.Op.NF	205.990.534,98	210.748.883,40
VI	16.205.834,66	16.939.626,57	VI		
VII	1.661.918,64	986.918,64	VII	4.600.008,73	4.328.790,00
TOTAL G.Cp.Op.NF	17.867.753,30	17.926.545,21	TOTAL I.Cp.ONF	4.600.008,73	4.328.790,00
TOTAL G.Op.NF	209.105.761,45	213.592.891,14	TOAL I.Op.NF	210.590.543,71	215.077.673,40
VIII	601.000,00	697.040,48	VIII	600.000,00	696.040,48
IX	12.483.782,26	12.483.782,26	IX	11.000.000,00	11.000.000,00
TOTAL G.Op.Cp.F	13.084.782,26	13.180.822,74	TOTAL I.Op.Cp.F	11.600.000,00	11.696.040,48
TOTAL G.Op.Cp.	30.952.535,56	31.107.367,95	TOTAL I.Op.Cp.	16.200.008,73	16.024.830,48
T.XERAL GASTOS	222.190.543,71	226.773.713,88	T.XERAL INGRESO	222.190.543,71	226.773.713,88

Orzamento dos organismos autónomos administrativos

Capitulo	IMD		Xerencia Urbanismo		EMAO		P.Ciencias Vigo Zoo	
	Gastos	Ingresos	Gastos	Ingresos	Gastos	Ingresos	Gastos	Ingresos
I	2.283.935,00		4.009.205,79		1.064.777,67		903.779,75	
II	5.291.645,32		1.151.046,35		307.233,61		710.966,65	
III		2.914.720,80		3.174.552,62		6,01	30,00	373.500,00
IV	29.164,52	4.720.024,04	1.884.906,16	4.064.724,52	,00	1.394.244,91	40.000,00	1.271.312,93
V		40.000,00		9.665,51		10.012,02		33.938,10
VI	75.000,00		658.791,91		,00		,00	
VII	70.000,00	75.000,00	144.992,44	600.000,00	32.251,66		23.974,63	
VIII	24.040,48	24.040,48	30.000,00	30.000,00	12.000,00	12.000,00	30.000,00	30.000,00
TOTAL	7.773.785,32	7.773.785,32	7.878.942,65	7.878.942,65	1.416.262,94	1.416.262,94	1.708.751,03	1.708.751,03

Décimo.- Aprobar as bases de execución que serán de aplicación á entidade local e os seus organismos autónomos, coa salvidade das bases específicas que se aproben para a Xerencia Municipal de Urbanismo.

Undécimo.- Aprobar as bases de execución específicas dá Xerencia Municipal de Urbanismo.

Décimo segundo.- Aprobar lo cadro de persoal dá entidade local. Aprobar o cadro de persoal dous seus organismos autónomos administrativos relacionados no apartado oitavo desta proposta, tendo en conta a corrección de erros detectados e que figuran no expediente.

Décimo terceiro.- Axustar tecnicamente toda a documentación que conforma o expediente do orzamento tendo en conta as alegacións estimadas e as variacións que orixina a aprobación da proposta. Corrixir os erros seguintes: Concello onde figura 91700 debe figurar 91300. IMD onde figura 3420,1200500 debe figurar 3420.1200600 e EMAO onde figura 399 debe figurar 39901.

Décimo cuarto.- En cumprimento do preceptuado no art. 169 do TRLRHL, o presuposto xeral, definitivamente aprobado, será inserido no Boletín Oficial da Provincia, resumido por capítulos de cada un dos presupostos que o integran.

Décimo quinto.- Do presuposto xeral definitivamente aprobado, remitirase copia á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma. A remisión realizarase simultaneamente ao envío o Boletín Oficial a que se refire o apartado anterior.

Décimo sexto.- O presuposto entrará en vigor, no exercicio correspondente, unha vez publicado na forma prevista no artigo precitado e producirá os seus efectos dende o un de xaneiro.

Décimo sétimo.- De acordo ao previsto no art. 171 do TRLRHL, contra a aprobación definitiva do presuposto poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establecen as normas da devandita xurisdición. A interposición de recursos non suspenderá por si soa a aplicación do presuposto definitivamente aprobado pola Corporación Municipal.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás nove horas e cincuenta minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs.

O ALCALDE,

A SECRETARIA XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

M^ª Concepción Campos Acuña.